



Sociedade Galega de Fisioterapeutas

(SOGAFI)

## **Alegacións á Carteira de servizos de enfermería de Atención Primaria.**

Trala presentación, o pasado venres 26 de marzo, do borrador da carteira de servizos de enfermería de atención primaria, dende a Sociedade Galega de Fisioterapeutas (SOGAFI), presentamos as seguintes alegacións ao documento, coa conseguinte exposición motivada:

### **1. Consideracións iniciais.**

O documento mencionado, ao noso entender, nos se pode considerar unha carteira de servizos, xa que máis ben parece una relación de Intervencións ou cuidados de enfermería, sen describir ningún deles, e que non deixa claro ata que punto se realizarán tales intervencións, de que xeito e en que situacións, e sen ter en conta a participación dos demais profesionais que interveñen neses procesos detallados no índice; e que, por suposto, dentro dunha labor de equipo, deberán desenrolar as función que teñen atribuídas atendendo ao seu campo competencial.

De tal xeito, dende o punto de vista dos fisioterapeutas aos que representamos neste Consello Técnico de Atención Primaria, queremos resaltar que moitas destas intervencións entran en atribucións que claramente corresponden á labor dos fisioterapeutas, e que, pola falta de desenrolo deste borrador, non deixa claro ata que punto corresponde á intervención dos profesionais de enfermería, e cando se debe derivar a outro, neste caso os fisioterapeutas, para a realización das técnicas e intervencións propias da nosa categoría profesional, e que redundarán nunha maior calidade asistencial e unha mellor resolución dos problemas de saúde que presenten os usuarios.

### **2. Alegacións concretas ao documento.**

#### **- Alegación Nº 1.**

Páxina 5: en relación ao control de actividade e exercicio, son competencias do fisioterapeuta a ensinanza do exercicio terapéutico que se lle prescriba ao paciente, en relación co seu problema de saúde.

**- Alegación Nº 2.**

Páxina 6: do mesmo xeito, a ensinanza dos exercicios do chan pélvico corresponderá ó fisioterapeuta, tras valorar cal é a causa da disfunción do chan pélvico, segundo o proceso concreto que presente o doente.

**- Alegación Nº 3.**

Páxina 7: a aplicación de axentes físicos é una das actividades que realiza o fisioterapeuta dentro do seu corpo de coñecemento; co que, a determinación de cal é o máis indicado deberá ser valorado por este profesional, segundo o obxectivo que se persiga con esta intervención.

**- Alegación Nº 4.**

Páxina 9: neste caso, como o propio nome indica, a fisioterapia torácica que se deberá realizar ao doente nos procesos respiratorios é una técnica propia do fisioterapeuta, para a cal recibe un adestramento axeitado durante a súa formación académica, e, polo tanto, no caso de ser precisa a súa aplicación, o paciente deberá ser remitido ó profesional de referencia en AP, que para esta intervención sempre será o fisioterapeuta.

**- Alegación Nº 5.**

Páxina 15: o mesmo que a alegación Nº 1 en canto a ensinanza do exercicio terapéutico que se lle prescriba ao paciente.

**- Alegación Nº 6.**

Páxina 17: o mesmo que a alegación Nº 4, en relación a intervencións con fisioterapia torácica en pacientes con EPOC/asma.

**- Alegación Nº 7.**

Páxina 17: o mesmo que a alegación Nº 3 para a aplicación de axentes físicos en persoas con problemas crónicos osteoarticulares ou musculoesqueléticos. Tanto a aplicación de frío/calor, coma de electroterapia ou masaxe con finalidade terapéutica, son funcións propias do fisioterapeuta.

**- Alegación Nº 8.**

Páxina 18: a realización de exercicio con finalidade terapéutica, tanto para traballala deambulación, coma o control muscular e a mobilidade articular, é una actividade propia do fisioterapeuta, que se leva realizando dende sempre cos pacientes aos que atendemos, e que debido a nosa formación en patobioloxía, biomecánica e prescrición de exercicio terapéutico, debe ser sempre aplicado por un fisioterapeuta.

**- Alegación Nº 9.**

Páxina 19: o mesmo que as alegación Nº 1, Nº 5, e Nº 8, a terapia con exercicio físico corresponde ao fisioterapeuta, para adaptalo as necesidades do doente, guiar a súa realización e supervisar a progresión do mesmo.

**- Alegación Nº 10.**

Páxina 20: o mesmo que as alegación Nº 3 e Nº 7, a indicación e aplicación de axentes físicos (neste caso frío/calor) corresponde ao fisioterapeuta.

**- Alegación Nº 11.**

Páxina 22: o mesmo que as alegacións Nº 4 e Nº 6, a realización de Fisioterapia torácica para a mellora dos procesos respiratorios, así como as técnicas de traballo da tose, son específicas do fisioterapeuta e deben ser realizadas por este profesional.

**- Alegación Nº 12.**

Páxina 27: o mesmo que nas alegacións Nº 1, Nº 5 e Nº 8, todo o tocante a organización dun programa de exercicio terapéutico corresponderá sempre o fisioterapeuta como profesional sanitario de referencia, tanto en Atención Primaria coma en Atención Hospitalaria.

**- Alegación Nº 13.**

Páxina 28: a utilización de técnicas físicas para o confort e manexo da dor, debe corresponder ao fisioterapeuta.

**- Alegación Nº 14.**

Páxina 29: o mesmo que as alegacións Nº 4, Nº 6 y Nº 11, a Fisioterapia torácica para o control respiratorio do paciente paliativo/fase terminal, debe ser realizada por un fisioterapeuta.

**3. Base legal.**

Orde CIN/2135/2008.

[BOE.es](http://BOE.es) - [BOE-A-2008-12389](http://BOE.es) Orden CIN/2135/2008, de 3 de julio, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Fisioterapeuta.

Lei 44/2003. Artigo 7.

[BOE.es](http://BOE.es) - [BOE-A-2003-21340](http://BOE.es) Ley 44/2003, de 21 de noviembre, de ordenación de las profesiones sanitarias.